

ANEXO VII

DECLARACIÓN DE AXUDAS

EMPRESA	LINE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN NOME PROPIO / REPRESENTANTE DA ENTIDADE	CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CON ENDEREZO SOCIAL EN	
<input type="text"/>	

DECLARO,

- Que non solicitei e non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como que non existen outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.
- Que solicitei e se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto, a saber:

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración:

_____ de _____ de _____

Asdo.:

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 29 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e mellora dos seus locais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura e Deporte responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia. Este, no artigo 27.19º, establece como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o fomento da cultura en Galicia, e, no artigo 32, que lle corresponde ao Goberno da nosa comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura e Deporte asume as competencias que a facultan para o deseño, programación, desenvolvemento e execución da política cultural do Goberno de Galicia en todas as súas vertentes. Compételle a esta consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos a través da xestión das diferentes axudas e instrumentos de colaboración coas asociacións, fundacións e outras entidades, de carácter público ou privado, que desenvolvan un labor dentro do seu ámbito competencial.

Movéndonos no eido concreto das asociacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, a Consellería de Cultura e Deporte, dentro da súa aposta pola dinamización cultural do país, considera que a mellora das condicións dos locais destas entidades fomentaría o seu atractivo para a un público cada vez máis exixente, e posibilitaría o reequilibrio na distribución das actividades, facilitando que aquelas entidades que apostaron pola cultura de Galicia en momentos difíciles e de precariedade económica, dispoñan dos medios axeitados para dotar e acondicionar os seus locais, co fin de abrir as súas ofertas culturais aos novos campos da cultura, sen abandonar as súas ofertas culturais tradicionais.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura e Deporte quere establecer con esta orde un instrumento que, axeitándose á normativa xeral vixente, marque as pautas para unha distribución, consonte os criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados a mellora dos locais e do equipamento das asociacións, fundacións e entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, de acordo cos principios recollidos na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Finalidade e obxecto.*

1. Esta orde fixa o réxime de concesión, en concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á

mellora dos locais das asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o ano 2008, no que atinxe á mellora do equipamento e mobiliario, conforme o procedemento que a continuación se establece.

2. Para os efectos desta convocatoria, enténdense por locais de asociacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro aqueles que son propiedade das citadas entidades, sitos en Galicia e que contribúan como sede destas entidades ao espallamento da cultura galega e da nosa identidade como pobo diferenciado.

3. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde será tramitado en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Co fin de cumprir co principio de concorrencia sinalado, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de avaliación, que se axustará aos preceptos contidos no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No desenvolvemento desta orde, aplicarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

1º Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2º Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se atope derogado.

3º Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2008.

4º Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega

5º Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

E supletoriamente:

6º Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7º Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

8º Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

Artigo 2º.-*Imputación orzamentaria e contía.*

1. As subvencións reguladas nesta orde concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.432B.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008, por un importe máximo de 500.000 € (cincocentos mil euros). Estas subvencións están cofinanciadas con fondos Feder (Fondos Europeos de Desenvolvemento

to Rexional), regulados pola normativa recollida no punto 4 do artigo 1º desta orde.

2. A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

3. A dotación das axudas será:

-Equipamento informático. Máximo por beneficiario 3.000 euros.

-Equipamento audiovisual. Máximo por beneficiario 5.000 euros.

-Material inventariable. Máximo por beneficiario 2.000 euros.

-Equipamento escénico. Máximo por beneficiario 10.000 euros.

-Mobiliario. Máximo por beneficiario 5.000 euros.

-Sistemas de prevención e seguridade. Máximo por beneficiario 5.000 euros.

-Arranxos interiores. Máximo por beneficiario 10.000 euros.

-Arranxos exteriores. Máximo por beneficiario 10.000 euros.

4. A axuda máxima por beneficiario que concederá a consellería será de 30.000 euros, que en ningún caso poderá exceder do 70% do proxecto que se vaia desenvolver. A entidade deberá achegar a diferenza ata acadar o 100% do gasto que se vaia realizar.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán optar a estas subvencións as asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e inscritas nos rexistros correspondentes e no censo de actividades culturais da Consellería de Cultura e Deporte, e con domicilio social en Galicia, que teñan os seus locais en propiedade. En concreto, as fundacións deberán estar inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, segundo a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles que se atopen nalgún dos supostos previstos nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-*Presentación de solicitudes, prazo e documentación.*

1. As entidades que desexen acollerse a esta orde deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, mediante unha instancia dirixida á conselleira de Cultura e Deporte, consonte o modelo que figura como anexo I, e poderán presentala no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte, nos rexistros das súas delegacións provinciais ou por calquera dos outros medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Á solicitude xuntaráse a documentación que a seguir se relaciona:

a) Solicitude cuberta consonte o modelo que figura no anexo I desta orde.

b) Fotocopia do DNI do solicitante, CIF da entidade e, se for o caso, un poder que habilite para representar a entidade para este efecto, outorgado polo órgano de goberno da entidade.

c) Declaración do solicitante das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados para o mesmo fin, conforme o anexo II desta orde.

d) Memoria explicativa e detallada do proxecto ou proxectos que se vaian desenvolver, en que se xustifique a necesidade.

e) Certificado do responsable da institución, comprometéndose a achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que lle corresponda, conforme o anexo III.

f) Orzamento relativo o proxecto ou proxectos que se van desenvolver.

g) Memoria, asinada polo responsable da institución, en que se describan as actividades ou programas levadas a cabo pola entidade, no ano 2007.

h) Memoria da entidade, onde se faga constar a súa traxectoria cultural.

i) Documentación que acredite a propiedade do edificio ou local da entidade.

j) Poderán achegar calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude. As memorias e o orzamento deberán estar debidamente asinados.

3. Os anexos I, II e III desta orde poderanse obter fotocopiándoos do *Diario Oficial de Galicia* no que se publique a convocatoria de axudas ou na páxina de internet <http://culturaedeporte.xunta.es/>

4. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano instrutor, neste caso á Consellería de Cultura e Deporte, para solicitar de oficio e de forma telemática as consultas de atoparse ao día nas obrigas fiscais e tributarias que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Esta consulta farase de oficio e de forma telemática. No caso de que para o órgano instrutor non fora posible a obtención desta información, poderalle ser requirida directamente ao solicitante.

Artigo 5º.-*Emenda de solicitudes.*

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase o solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6º.-*Instrución e selección de solicitudes.*

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural a instrución do procedemento de

concesión de subvencións, e desenvolverá de oficio cantas actuacións coide necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2. A comisión de avaliación a que fai referencia o punto 3 do artigo 1º estará constituída polos seguintes membros:

a) Presidente: o director xeral de Creación e Difusión Cultural.

b) Tres vogais: a subdirectora xeral de Creación e Difusión Cultural, a xefa do Servizo de Promoción e Difusión Cultural e unha persoa proposta pola Consellería de Cultura e Deporte.

c) Un funcionario, designado polo director xeral de Creación e Difusión Cultural, que actuará como secretario.

3. A comisión valorará os expedientes, ata un máximo de 8 puntos, consonte os seguintes criterios prioritarios:

a) Situación de necesidade da realización das obras de mellora e de equipamento, atendendo á última data en que se fixeron intervencións e á antigüidade do equipamento que se vaia substituír. Máximo de 2 puntos.

b) A antigüidade, número de actividades e repercusión territorial, local, provincial, autonómica ou nacional das actividades da entidade. Máximo de 2 puntos.

c) Maior viabilidade do proxecto, segundo análise do orzamento presentado, así como a maior achega económica do centro beneficiario. Máximo de 2 puntos.

d) As actuacións encamiñadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Máximo 2 puntos.

4. O órgano instrutor, á vista dos expedientes e do informe de avaliación emitido, formulará a proposta de resolución motivada, ata o límite do crédito dispoñible.

No suposto de que algunha entidade non acepte a axuda ou renuncie a esta, o órgano instrutor poderá formular proposta de resolución complementaria, adxudicando o importe dispoñible ás solicitudes valoradas pola comisión e que non acadaron axuda por límites orzamentarios, de acordo coa orde de puntuación establecida.

Artigo 7º.-*Resolución.*

1. Á vista da proposta de resolución, a conselleira de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia ditará a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto e importe do proxecto subvencionado, e a contía da axuda concedida

2. O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución expresa non poderá superar os nove meses, segundo establece o artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir da publicación desta convocatoria.

O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa faculta o interesado para entender como desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

No caso daquelas solicitudes que fosen desestimadas, os solicitantes poden retirar a documentación presentada.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Cultura e Deporte publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

4. Consonte o artigo 16.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as axudas outorgadas ao abeiro desta orde figurarán no rexistro público de Axudas, Subvencións e Convenios.

Artigo 8º.-*Aceptación.*

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

Artigo 9º.-*Xustificación e pagamentos.*

1. Os beneficiarios da subvención quedan obrigados a xustificar a totalidade do orzamento no prazo dos 20 días hábiles seguintes á finalización do proxecto ou proxectos e, en todo caso, antes do 1 de novembro de 2008, mediante a presentación dos xustificantes acreditativos, facturas e xustificación bancaria do seu aboamento ao adxudicatario das obras ou equipamentos (non se admiten pagamentos en efectivo), e demais documentos de valor probatorio equivalente, orixinal e dúas fotocopias, polo importe da axuda concedida, xunto coa relación detallada destes, así como certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento da subvención. Cada un destes documentos deberá estar debidamente asinado.

2. Unha vez xustificada, librarase a cantidade adxudicada. De non se xustificar a totalidade do investimento no proxecto, no pagamento descontarase a cantidade proporcional que corresponda.

3. Os beneficiarios desta axuda quedarán suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo recolle o artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas por escrito, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o cal fosen concedidos. A delegación provincial poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos.

2. Os beneficiarios da subvención farán constar en toda a publicidade xerada polo proxecto subvencio-

nado que recibiron unha subvención da Consellería de Cultura e Deporte-Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, utilizando a normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

3. No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do pagamento, o petionario debe presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

4. O beneficiario queda obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

5. O beneficiario queda sometido ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Reintegro da axuda e procedemento sancionador.*

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorran calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que o beneficiario da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura e Deporte instruirá un expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, pode dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 12º.-*Recursos.*

Contra os actos resolutivos, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a recepción da notificación da resolución ou, potestativamente, interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición perante a conselleira de Cultura e Deporte.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Creación e Difusión Cultural para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2008.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

ANEXO I

FEDER
"Investimos no seu futuro"



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS, FUNDACIÓNS E ENTIDADES CULTURAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DOS SEUS LOCAIS.	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CD211A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF / NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
			FAX

E, na súa representación

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

PROXECTO QUE SE VAI REALIZAR	
ÁMBITO TERRITORIAL DA REALIZACIÓN DO PROXECTO	
CANTIDADE SOLICITADA	CONTÍA DO PROXECTO
0,00 €	0,00 €

OBSERVACIÓNS:

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/> Fotocopia do NIF ou CIF da entidade	<input type="checkbox"/> Certificado do responsable da institución, comprometéndose a achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que lle corresponda
<input type="checkbox"/> DNI do representante	<input type="checkbox"/> Orzamento desagregado do proxecto ou proxectos que se vaian desenvolver
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da representación	<input type="checkbox"/> Memoria de actividades levadas a cabo en 2007
<input type="checkbox"/> Declaración das subvencións solicitadas para o mesmo fin ás administracións públicas	<input type="checkbox"/> Memoria da entidade, onde se faga constar a súa traxectoria cultural
<input type="checkbox"/> Memoria detallada relativa ao proxecto ou proxectos que se van desenvolver	<input type="checkbox"/> Documentación que acredite a propiedade do edificio ou local da entidade

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Deporte para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p>- Orde do 29 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e mellora dos seus locais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.</p> <p>- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.</p> <p>- Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que se atope derrogado.</p> <p>- Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008.</p> <p>- Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. E supletoriamente:</p> <p>- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.</p> <p>- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.</p> <p>- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p>REVISADO E CONFORME</p>	<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>DATA DE ENTRADA</p> <p>DATA DE EFECTOS</p> <p>DATA DE SAÍDA</p>
<p>SINATURA DO/A SOLICITANTE OÙ PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p>_____ de _____ de 2008</p>		

Conselleira de Cultura e Deporte

ANEXO II

DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS, E DECLARACIÓN DE NON SE ACHAR INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNAS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

D./Dona con DNI nº

en nome e representación da entidade

con NIF nº

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que para a actuación denominada

a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

AXUDAS SOLICITADAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Así mesmo, o representante DECLARA que non se acha incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E, para que así conste, ante a Consellería de Cultura e Deporte, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

, de de 200

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO III

MEMORIA DO TEATRO OU AUDITORIO

ENTIDADE SOLICITANTE	<input style="width: 100%; height: 20px;" type="text"/>
----------------------	---

A.- PROXECTO DE INVESTIMENTO

ORZAMENTO TOTAL	<input style="width: 200px; height: 20px;" type="text"/>	% COFINANCIAMENTO MUNICIPAL	<input style="width: 100px; height: 20px;" type="text"/>
-----------------	--	-----------------------------	--

B.- PROXECTO DE INVESTIMENTO

CONCEPTO DE GASTO	IMPORTE
EQUIPAMENTO ESCÉNICO	<input style="width: 100%; height: 20px;" type="text"/>
EQUIPAMENTO DE ILUMINACIÓN	<input style="width: 100%; height: 20px;" type="text"/>
EQUIPAMENTO DE SON	<input style="width: 100%; height: 20px;" type="text"/>
EQUIPAMENTO DE SALA	<input style="width: 100%; height: 20px;" type="text"/>
CUSTOS DE IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE DESPACHO DE BILLETES ELECTRÓNICOS	<input style="width: 100%; height: 20px;" type="text"/>
TOTAL	<input style="width: 100%; height: 20px;" type="text"/>

C.- PROGRAMACIÓN LEVADA A CABO NO ANO 2007

PROGRAMACIÓN	
NÚMERO DE ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS EN 2007	<input style="width: 100%; height: 20px;" type="text"/>
ORZAMENTO TOTAL DA PROGRAMACIÓN DE 2007	<input style="width: 100%; height: 20px;" type="text"/>
NIVEL DE ASISTENCIA DE PÚBLICO NA PROGRAMACIÓN EN 2007 (MEDIA POR FUNCIÓN)	<input style="width: 100%; height: 20px;" type="text"/>

D.- OBXECTIVOS E LIÑAS DE MELLORA DO PROXECTO DE INVESTIMENTO

<p><i>Lugar e data</i></p> <p style="text-align: center;">, de de 200</p> <p style="text-align: center;">(Sinatura e selo da entidade)</p>
